

REGULAMENTO DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS DO ALUMNADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Aprobado no Consello de Goberno do 24 de mayo de 2012

Preámbulo

Na nova ordenación dos estudos universitarios, consecuencia do desenvolvemento do RD 1393/2007 e do 861/2010 que o modifica, as prácticas externas tomaron unha nova dimensión ao xeneralizarse a súa inclusión nos plans de estudio das novas titulacións de grao e mestrado. O citado RD 1393/2007 xa no seu preámbulo di que: “*A posibilidade de introducir prácticas externas vén a reforzar o compromiso coa empregabilidade dos futuros graduados e graduadas, enriquecendo a formación dos estudiantes das ensinanzas de grao, nun ámbito que lles proporcionará, tanto a eles como aos responsables da formación, un coñecemento máis profundo acerca das competencias que necesitarán no futuro.*” Así mesmo, no seu artigo 12.6 márcanse os mínimos requisitos que deben cumplir as prácticas externas nas titulacións de grao ao establecer que “*se se programan prácticas externas, éstas terán unha extensión máxima de 60 créditos e deberán ofrecerse preferentemente na segunda metade do plan de estudios*”.

O Estatuto do estudiante universitario, aprobado polo RD 1791/2010, do 30 de decembro, recoñece no seu artigo 8 o dereito do estudiantado de grao a “*disponer da posibilidade de realización de prácticas, curriculares ou extracurriculares, que poderán realizarse en entidades externas e nos centros, estruturas ou servizos da Universidade, segundo a modalidade prevista e garantindo que sirvan á súa finalidade formativa*”. Este estatuto recoñece tamén o dereito a “*contar coa tutela efectiva*” nas prácticas externas previstas nos plans de estudio e, no seu artigo 24, regula as prácticas académicas externas, as súas clases e características xerais, e estende a posibilidade da súa realización ao estudiantado matriculado en calquera ensino das universidades.

Finalmente, coa publicación do Real Decreto 1707/2011, do 18 de novembro, polo que se regulan as prácticas académicas externas do estudiantado universitario, que derroga normas anteriores ao respecto, complétase o marco normativo en que deben as universidades organizar as citadas prácticas do seu alumnado.

Con independencia da relevancia acadada polas prácticas externas académicas na universidade que reflecten as normas legais citadas, a Universidade de Vigo fomentará a súa realización como unha ferramenta decisiva tanto na formación integral do seu estudiantado como, dun xeito máis institucional, no desenvolvemento das relacións da propia Universidade co seu contorno. Achéganlle a realidade profesional ao alumnado, facilitando a súa relación có ámbito social, económico e cultural e, en definitiva, aumentando a súa empregabilidade ao proporcionarlle competencias, habilidades e coñecementos indispensables na súa integración e desenvolvemento laboral. Por outra banda, a relación coas empresas e institucións que se establece a través das prácticas externas, debe ser aproveitada polos centros e titulacións como un

instrumento valioso para testar a formación que está a recibir o seu estudiantado e o establecemento de accións de mellora e actualización dos programas formativos.

Na Universidade de Vigo xeneralizouse a inclusión de prácticas externas nas súas titulacións. Son moi diversas as situacións dos distintos ámbitos, centros e titulacións no referente á súa experiencia na xestión de prácticas externas, a súa relevancia dentro dos plans de estudio, as posibilidades e hábitos de relación co contorno, e as características das institucións en que pode realizar prácticas externas o seu alumnado. En consecuencia, a presente normativa pretende ofrecer un marco básico e flexible polo que se rexan as prácticas externas do estudiantado da Universidade de Vigo, coa definición dos requisitos xerais que deben cumplir as devanditas prácticas, garantir o seu carácter formativo, a posibilidade do acceso e tutela axeitada nelas do estudiantado, e establecer os procesos de xestión necesarios no marco da organización académica xeral dos estudios.

Artigo 1. Obxecto, réxime xurídico e ámbito de aplicación

1. O obxecto do presente regulamento é o ordenamento das prácticas académicas externas do alumnado da Universidade de Vigo que estea matriculado en calquera das súas titulacións.
2. O marco legal que regula as prácticas externas está definido no disposto no Real decreto 1707/2011 do 18 de novembro, polo que se regulan as prácticas académicas externas das e dos estudiantes universitarios; e no disposto no Real decreto 1393/2007, de 29 de outubro polo que se establece o ordenamento das ensinanzas universitarias oficiais; así como no presente regulamento, nas disposicións do plan de estudos de cada titulación e na normativa propia de cada centro á que se refire o artigo 4 deste regulamento.
3. Entran dentro do ámbito desta normativa todas as prácticas externas realizadas polo estudiantado da Universidade de Vigo. Inclúense as realizadas no estranxeiro a través do programa Erasmus ou outros, a través de convenios bilaterais con outras universidades ou institucións, así como as realizadas a través de programas nacionais de mobilidade e intercambio universitarios.

Artigo 2. Definición e características das prácticas externas

1. As prácticas externas constitúen unha actividade académica de natureza formativa co obxectivo principal de completar e aplicar, nun ámbito profesional, competencias e coñecementos adquiridos polo alumnado nos seus estudos.
2. As prácticas externas poden realizarse en entidades colaboradoras, tales como empresas, institucións e entidades, de carácter público ou privado, no ámbito nacional ou internacional.
3. Tamén poden realizarse prácticas externas en dependencias e servizos da propia Universidade de Vigo que non estean destinados á actividade docente.

4. As prácticas externas poden adoptar dúas modalidades:

- a) *Prácticas externas curriculares*, que se configuran como actividades académicas integradas como materias dun plan de estudos con carácter obligatorio ou optativo.
- b) *Prácticas externas extracurriculares*, que se realizan con carácter voluntario durante o período de formación e que, áinda tendo os mesmos fins que as prácticas curriculares, non forman parte do correspondente plan de estudos.

Artigo 3. Persoas destinatarias das prácticas externas e requisitos para realizaras

1. Poden realizar as prácticas externas:

- a) O alumnado matriculado nas titulacións da Universidade de Vigo nas condicións que se establezan.
- b) Os e as estudiantes doutras universidades españolas ou estranjeiras que estean realizando estancias de estudio na Universidade de Vigo en programas de mobilidade académica ou por convenios bilaterais.

2. Para realizar as prácticas externas débese estar matriculado/a na ensinanza á que se vinculen as competencias básicas, xenéricas e específicas que adquirirán na súa realización.

3. Para realizar as prácticas externas curriculares, o/a alumno/a debe estar matriculado/a na materia vinculada segundo o plan de estudos de que se trate e cumplir os requisitos que neste se establezan.

4. Durante o período de realización da práctica externa non se poderá manter ningunha vinculación contractual coa entidade colaboradora en que se realice, ou coa propia Universidade de Vigo, de ser o caso.

5. O alumnado estranxeiro que realice prácticas externas ao amparo do programa Sócrates-Erasmus ou de calquera outro programa de mobilidade ou convenio bilateral subscrito por esta Universidade, gozará do mesmo tratamento que establece esta normativa para o estudiantado da Universidade de Vigo, salvo que as normas que regulen o programa ou convenio en cuestión dispoñan doutra cousa.

6. A Universidade de Vigo, a través dos convenios de cooperación educativa subscritos coas entidades colaboradoras que reciban alumnado en prácticas, aos que se refire o artigo 7 deste regulamento, fomentará a accesibilidade para estudiantes con discapacidade procurando a disposición dos recursos humanos e materiais que aseguren a igualdade de oportunidades.

7. No caso de darse ofertas de prácticas co dobre carácter curricular e extracurricular, terá preferencia para a súa adxudicación o alumnado que realice prácticas curriculares.

Artigo 4. Prácticas externas curriculares

1. Correspónelles aos centros e titulacións, baixo a ordenación legal vixente e o establecido neste regulamento, o deseño, promoción, xestión académica e avaliación das prácticas externas curriculares do seu alumnado.
2. A Xunta de Centro regulará as prácticas externas curriculares do alumnado das titulacións que lle competan, para iso aprobará o regulamento ou regulamentos que precise. Nesa normativa definirase:
 - a) O procedemento de oferta e difusión das prácticas externas entre o alumnado á que sexan destinadas, axustado ao recollido no punto 4 do artigo 17 do Real decreto 1707/2011.
 - b) O procedemento de adxudicación ao alumnado da entidade colaboradora en que se realizarán as prácticas.
 - c) O procedemento de adxudicación do profesorado titor académico de prácticas.
 - d) As responsabilidades na realización e aprobación do proxecto formativo de cada práctica á que se refire o artigo 6 do RD 1707/2011.
 - e) O proceso para realizar e entregar os informes e memoria final á que se refiren os artigos 13 e 14 do RD 1707/2011.
 - f) O proceso para avaliar e cualificar as prácticas externas.
3. De acordo co artigo 15 do RD 1707/2011, a persoa que realice a titorización académica das prácticas avaliaraas, segundo o proceso establecido na normativa á que se refire o anterior punto, e cubrirá o correspondente informe de valoración.
4. As prácticas externas curriculares disporán da súa guía docente nas mesmas condicións que calquera outra materia, segundo a normativa da Universidade de Vigo.
5. As prácticas externas curriculares terán a duración que estableza o plan de estudos correspondente nos termos establecidos polo artigo 12.6 do RD 1393/2007. O seu horario establecerase procurando a garantía do correcto desenvolvemento e seguimento do resto da actividade académica do alumnado, de acordo coas características da práctica e a dispoñibilidade da entidade colaboradora.
6. No caso de prácticas externas optativas poderá establecerse un *numerus clausus* anual axustado á oferta de prazas dispoñibles para a súa realización. O devandito número deberá ser establecido polo centro, feito público e comunicado cada ano polo centro ao Servizo de Alumnado, antes da apertura do período ordinario de matriculación.

Artigo 5. Prácticas externas extracurriculares

1. A tramitación, xestión e difusión das prácticas externas extracurriculares poderá ser delegada pola Universidade de Vigo nunha entidade xestora mediante o correspondente convenio.

2. A Universidade de Vigo, ou a entidade xestora das prácticas extracurriculares, realizará convocatorias públicas en que se indicarán as ofertas e condicións para a súa adxudicación e realización, de xeito axustado ao recollido no artigo 17 do Real decreto 1707/2011.
3. As prácticas extracurriculares terán preferentemente unha duración non superior ao 50% do curso académico. A súa duración e horario estableceranse procurando garantir o correcto desenvolvemento e seguimento polo alumnado do resto da súa actividade académica.
4. A organización docente das prácticas extracurriculares farase no sistema ECTS, de cara ao seu reflexo nos expedientes académicos, no suplemento europeo ao título, e en calquera outro documento acreditativo, e para facilitar o seu posible recoñecemento e/ou transferencia.
5. A Universidade de Vigo elaborará o procedemento específico polo que se rexerán as prácticas externas extracurriculares, que recollerá:
 - a) O procedemento de adxudicación ao alumnado da entidade colaboradora en que se realizarán as prácticas.
 - b) O procedemento de adxudicación do profesorado titor académico de prácticas.
 - c) As responsabilidades na realización e aprobación do proxecto formativo de cada práctica á que se refire o artigo 6 do RD 1707/2011.
 - d) O proceso para realizar e entregar os informes e memoria final á que se refiren os artigos 13 e 14 do RD 1707/2011.
 - e) O proceso para avaliar e cualificar as prácticas, de ser o caso.

Artigo 6. Da tutela do alumnado nas prácticas externas

1. Os centros deberán garantir a información previa, asesoramento e tutela do seu alumnado en prácticas, e informarano especialmente das súas obrigas e dereitos, recollidos no artigo 9 do RD 1707/2011.
2. Cada estudiante contará cunha persoa titora na entidade colaboradora e cunha persoa titora académica na Universidade para a realizar as prácticas externas. Non poderán coincidir na mesma persoa ambas as funcións.
3. Para as prácticas curriculares, a tutorización académica deberá de exercela profesorado da Universidade, con preferencia do propio centro e titulación ao que pertence o plan de estudos da materia vencellada e, en todo caso, profesorado afín aos estudos de que se trate.
4. No caso de prácticas extracurriculares, a tutorización académica deberá exercela profesorado da Universidade da mesma rama de coñecemento da titulación ou titulacións ás que estea dirixida a práctica.
5. A Universidade establecerá as condicións para o recoñecemento do seu profesorado nas tarefas de tutorización académica de prácticas externas.

Artigo 7. Relacións coas entidades colaboradoras

1. Para realizar prácticas externas nas entidades colaboradoras ás que se refire o punto 2 do artigo 2 deste regulamento, deberá subscribirse un convenio de cooperación educativa entre a entidade e a Universidade de Vigo que recolla o previsto neste mesmo artigo, sen menoscabo do disposto específicamente no convenio de forma adicional.
2. No caso de prácticas no estranxeiro, o Convenio de cooperación educativa substituirase, de ser o caso, por un *Training Agreement* ou documento equivalente, segundo as disposicións que se determinen para o programa de prácticas de que se trate.
3. A Universidade de Vigo establecerá a forma de recoñecemento das persoas encargadas nas entidades colaboradoras das tarefas de tutorización do alumnado, nos termos que, cando proceda, estableza cada convenio de cooperación educativa.
4. No caso dos servizos e dependencias da propia Universidade de Vigo, o convenio ao que se refire o punto 1 substituirase por un acordo escrito interno, asinado pola persoa responsable do servizo ou dependencia en que se realizan as prácticas e a persoa responsable académica do centro de que depende a titulación. O citado acordo deberá ter o visto e prace da Xerencia ou da vicerreitoría competente en materia de titulacións.

Artigo 8. Recoñecemento académico e acreditación.

1. As prácticas externas, xa sexan curriculares ou extracurriculares, quedarán reflectidas no expediente académico da persoa que as realizou e, de ser o caso, no suplemento europeo ao título correspondente.
2. As prácticas externas poderán ser obxecto de recoñecemento e transferencia.
3. Despois de finalizar as prácticas externas, a Universidade emitirá un documento acreditativo delas que conterá:
 - Titular do documento
 - Entidade colaboradora onde se realizaron as prácticas.
 - Duración e datas de realización.
 - Breve descripción das actividades realizadas e das competencias adquiridas.
 - Equivalencia en ECTS

Disposición transitoria primeira

No caso de titulacións afectadas por ordenacións anteriores ao RD 1393/2007:

- a) As materias de prácticas externas e *practicum* que figuran nos plans de estudio como obligatorias quedan asimiladas na súa organización e xestión ás prácticas externas curriculares deste regulamento.

- b) Ao seu estudantado esixiráselle a superación da metade dos créditos necesarios para obter a titulación para a realización de prácticas extracurriculares.
- c) Para as prácticas Erasmus manterase o disposto no punto 11 da modificación da Normativa de libre elección –(aprobado en Consello de Goberno 20/04/2009) que di o seguinte: “Recoñecemento específico de 3 créditos por cada mes de prácticas Erasmus en empresas (ata un máximo de 9) no programa de prácticas a tempo completo”

Disposición final

Este regulamento entrará en vigor a partir do día seguinte da súa aprobación polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo.